



**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
DE  
SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA  
FRANCÉS**

## Índice

1	INTRODUCCIÓN.....	2
2	CONTEXTUALIZACIÓN.....	2
3	CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.....	3
4	OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA.....	3
5	CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	4
6	METODOLOXÍA.....	5
6.1	Presencial.....	5
6.2	Non presencial.....	5
6.3	Semipresencial.....	5
6.4	Agrupamentos e espazos.....	5
7	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ( incluídos os libros de texto).....	5
8	A AVALIACIÓN.....	6
8.1	Procedementos e instrumentos de avaliación.....	6
8.2	Criterios de cualificación.....	7
8.3	Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial.....	7
9	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	7
10	ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AOS DISTINTOS PLANS E PROXECTOS.....	8
10.1	Accións de contribución ao proxecto lector.....	8
10.2	Accións de contribución ao plan tic.....	8
10.3	Accións de contribución ao plan de convivencia.....	8
10.4	Accións de contribución ao proxecto lingüístico.....	9
11	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	10
12	OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE NAS DIFERENTES ÁREAS.....	11
12.1	6º PRIMARIA.....	11
13	PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.....	23
14	PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE.....	23

## 1 INTRODUCCIÓN

Fundamento legislativo:

- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm. 171)
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.
- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2 CONTEXTUALIZACIÓN

Situado na parroquia de Santa María de As Neves, o CEIP Marquesa do Pazo da Mercé é o único centro de Educación Infantil e Educación Primaria do concello de As Neves.

O concello de As Neves, situado no sur da provincia de Pontevedra e separado de Portugal polo río Miño, ten arredor de 3900 habitantes repartidos polas súas 13 parroquias. Limita tamén con Salvaterra de Miño, Pontearreas, Arbo e A Cañiza.

Os falecementos (por idade) e a busca doutros modos de vida lonxe do Miño seguen baleirando un concello que noutros tempos chegou a 5000 habitantes que vivían vinculados á agricultura. Hoxe as cousas son doutro xeito: moitas familias mudáronse a localidades limítrofes con máis oportunidades de traballo e posibilidades de conciliación familiar. A vida na cidade resulta máis atractiva para as familias máis xoves, e os que seguen residindo no concello dedícanse ao cultivo minifundista, aínda que se están facendo grandes esforzos e notables progresos no eido da viticultura.

Traballadores do campo e do sector servizos, as familias nevenses teñen un poder adquisitivo medio-baixo. A pesar de ser unha zona rural, a lingua predominante nos nenos é o castelán. Os maiores diríxense aos cativos en castelán e edúcanos nesta lingua, relegando o galego a un uso secundario (para a comunicación entre eles e o mundo do campo).

Desde o goberno municipal non se escatiman esforzos por facilitar o acceso á cultura e a educación.

## 3 CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O alumnado do centro está comprendido entre os 3 e os 12 anos. Contamos cunha excepción: un alumno que, polas súas características e necesidades persoais, flexibiliza por segunda vez, está en 6º de E. Primaria e ten 14 anos.

Na súa maioría proceden de familias que viven nalgunha das 13 parroquias do concello, aínda que hai certo número de casos que residen en concellos limítrofes como Pontearreas ou Salvaterra, e que se desprazan ao centro todos os días.

Arredor do 18% do alumnado do centro presenta necesidades educativas especiais que son atendidas polos especialistas de PT e AI do centro. Para unha mellor atención destas necesidades especiais,

contamos no centro cunha aula específica á que acoden diariamente, e en determinadas horas, 2 alumnos con TEA.

As necesidades de atención educativa que temos no centro son as seguintes:

- TEA
- TDAH
- Dislalias, rotacismos, disfasias...
- Atrasos na aprendizaxe froito dun ambiente familiar desfavorecido
- Atrasos na aprendizaxe froito dunha maduración tardía
- Hipoacusias (de distinta índole e etiología)
- Altas capacidades

Unha alta porcentaxe do alumnado é castelán falante, sendo minoritario o uso da lingua galega.

## **4 OXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA**

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## **5 CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

O desenvolvemento das competencias clave abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinar.

As competencias clave que debemos desenvolver son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

En cada estándar reflectirase a competencia clave coa que está ligado.

## **6 METODOLOXÍA**

Dependendo da evolución da situación extraordinaria que estamos vivindo pola COVID-19, a metodoloxía a pode ser presencial, non presencial ou semipresencial.

### **6.1 Presencial**

O ensino presencial desenvólvese no centro aplicando os principios metodolóxicos que teñen como protagonista ao alumnado.

Como medida de precaución e de evitar riscos de contaxio e propagación de virus, este ano limitaranse un pouco as metodoloxías colaborativas evitando a proximidade física do alumnado. O traballo será eminentemente individual, procurando canta menos mobilidade mellor e evitando que o alumnado comparta obxectos que non se desinfecten previamente

### **6.2 Non presencial**

O desenvolvemento da metodoloxía non presencial terá lugar se houberse que suspender o ensino presencial. Neste caso cobraría protagonismo a aula virtual, e a través dela seguiríase co proceso de E-A. de xurdiren problemas/dificultades de acceso á tecnoloxía por parte das familias/alumnado, buscaríase o xeito de solucionarlos (pedindo axuda ao Concello, prestando ordenadores ou tabletas...).

## 6.3 Semipresencial

De haber instrucións dun ensino semipresencial, combinaríamos os métodos empregados no ensino presencial e a aula virtual, tendo en conta sempre as diferenzas/dificultades de acceso á tecnoloxía que pode ter o alumnado e intentando resolver os atrancos que se presenten.

## 6.4 Agrupamentos e espazos

Este curso, debido á situación de risco de contaxio no que nos atopamos, o alumnado traballará de xeito individual e en gran grupo (toda a clase). Non haberá agrupamentos pequenos (parellas, grupos de 3, 4...). Todo o alumnado estará sentado no seu sitio, levantándose o imprescindible e sen xuntarse cos compañeiros. Tampouco se compartirá ningún tipo de material ou recurso.

Polo tanto, os espazos están determinados desde o inicio de curso, contemplándose solo a posibilidade de cambiar a situación dun alumno por outro dentro da aula (previa desinfección das mesas e cadeiras).

## 7 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ( incluídos os libros de texto)

Empregaranse todos aqueles materiais e recursos que se considere que favorecen o proceso educativo e o desenvolvemento das capacidades do alumnado. Para a súa selección atenderase a criterios pedagóxicos.

### RECURSOS HUMANOS:

- Mestre/a especialista de Francés

### RECURSOS MATERIAIS:

- Material funxible: cadernos do alumnado, folios, cartolinas, goma, lapis, rotuladores, ceras, bolígrafos, cartolinas...
- Material elaborado polo profesorado: fichas impresas, guías...
- Recursos dixitais: páxina web do centro, aula virtual, PDI, ordenador...

## 8 A AVALIACIÓN

### 8.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación é continua, global, formativa e integradora e tense en conta o progreso do alumnado no conxunto de todas as áreas do currículo.

Os resultados da avaliación do alumnado na Educación Primaria expresaranse nos termos de: “Insuficiente (IN)” para as cualificacións negativas, e “Suficiente (SU)”, “Ben (BE)”, “Notable (NT)” ou “Sobresaliente (SB)”, para as cualificacións positivas. A estes termos daráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1,2,3 ou 4
- Suficiente: 5
- Ben: 6
- Notable: 7 ou 8
- Sobresaliente: 9 ou 10

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima, e en caso de equidistancia, á superior.

Empregaranse as seguintes técnicas e instrumentos de avaliación:

Técnicas	Instrumentos
<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación directa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lista de cotexo</li> <li>Escala de observación</li> <li>Portafolios de evidencias</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise das producións do alumnado (escritas e orais)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Diana de avaliación</li> <li>Escala de observación</li> <li>Lista de cotexo</li> <li>Rúbrica</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Intercambios orais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Escala de observación</li> <li>Lista de cotexo</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Autoavaliación e co-avaliación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Escalas de actitudes</li> <li>Rubrica</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Probas escritas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Probas obxectivas</li> <li>Test</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Probas orais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Probas obxectivas</li> </ul>

Ao ser unha avaliación continua, poderase incorporar reforzo ou ampliación para o alumnado que o precise en calquera momento.

Ao longo do curso realizaremos tres sesións de avaliación que se recollerán en acta e faranse constar as medidas de reforzo que sexan necesarias.

Ao remate de cada unha das sesións de avaliación, as familias/ titores legais do alumnado, recibirán información dos resultados e das medidas de reforzo e/ou recuperación que se adoptaron en caso de ser necesario levalas a cabo.

## 8.2 Criterios de cualificación

A cualificación do alumnado farase atendendo ao seguinte:

	Aspectos a valorar	Valoración
<b>FRANCÉS</b>	Vocabulario	10 % → 1
	Comprensión e expresión dos conceptos básicos	10 % → 1
	Realización dos exercicios e actividades	20% → 2
	Orde e limpeza nos traballos	10 % → 1
	Actitude e participación	10 % → 1
	Probas orais e escritas	40 % → 4

## 8.3 Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial

Durante as primeiras semanas do curso, levarase a cabo a avaliación inicial do alumnado para:

- valorar o nivel de habilidades e de coñecementos previos que ten o alumnado respecto aos obxectivos previstos para o curso,
- para personalizar o proceso de ensino-aprendizaxe e ofrecer unha atención individualizada ao alumnado segundo as súas necesidades.



## 9 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Toda a práctica educativa estará enfocada á atención da diversidade. A escola, como a sociedade, acolle diversidade de persoas con características e necesidades propias. Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoitando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias lé a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.
- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de planear tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a integración e a inclusión de todo o alumnado.
- Partiremos do nivel de cada alumno.
- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.
- Traballaremos as emocións con todo o grupo-clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.
- Utilizaremos estratexias para controlar e mellorar a conduta:
  - Amosando unha actitude tolerante, flexible e paciente.
  - Actuar como un modelo de conduta reflexiva.
  - Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
  - Ignorar os comportamentos e as chamadas de atención que non sexan moi molestos.
  - Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
  - Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgunha norma.
  - Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización
  - Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas
  - Realizar entrevistas periódicas individuais co alumnado sobre o seguimento e motivación da conduta, que nos poden servir tamén para detectar algún tipo de acoso escolar.
  - Facer un seguimento do seu traballo.
  - Favorecer a súa integración cando a conduta é a adecuada e que os ignoren cando se portan mal.
  - Chegar a acordos con contratos de conduta adaptados á súa idade.
  - Retirar da mesa calquera obxecto que poida servir de distracción.

## 10 ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AOS DISTINTOS PLANS E PROXECTOS

### 10.1 Acciões de contribución ao proxecto lector

Na área de francés, a comprensión lectora ten como obxectivo conducir ao alumno/a progresivamente cara ao sentido dun escrito, a comprender e a ler diferentes tipos de texto: diálogo, carta, poesía, mail, menú, folleto turístico, obra de teatro... Trátase tamén de desenvolver progresivamente estratexias de lectura que favorezan unha actitude activa de descubrimentos lingüísticos e non lingüísticos e que leven aos alumnos a enriquecer a súa capacidade de comprensión e expresión, xa que contribúe, entre outros, ao desenvolvemento de diferentes habilidades e particularmente á comprensión escrita e á fluidez oral que os alumnos poderán aproveitar en situacións auténticas. Propoñemos as seguintes actividades para desenvolver a competencia lectora en francés:

- Lectura en voz alta de todo tipo de textos por parte dos alumnos.
- Lectura graduada relacionada coa linguaxe e/ou tema da unidade.
- Realización de murais e carteis que recollan normas ortográficas e palabras que nos interesan resaltar pola súa ortografía ou vocabulario.
- Xogos de palabras, orais e escritos: palabras encadeadas, teléfono estragado, adiviñar palabras...
- Lecturas en soporte dixital.
- Lectura da prensa francesa na aula (na PDI ou impresa)



## 10.2 Accións de contribución ao plan TIC

- Visionado de programas audiovisuais para atopar e seleccionar información sobre os temas traballados (vocabulario, información do país...)
- Empregar programas educativos para practicar e reforzar os contidos traballados.
- Coñecer e usar a web do centro como medio de información e publicación.
- Coñecer e manexar a aula virtual do centro.
- Coñecer e manexar algúns programas básicos necesarios para un bo aproveitamento da aula virtual e do ensino Online-
- Coñecer aspectos moi básicos do protocolo de protección de datos e mostrar unha actuación responsable con respecto aos demais na rede.
- Coñecer que existe a propiedade intelectual dos materiais que poden atopar na rede.
- Facer un uso responsable de Internet.

## 10.3 Accións de contribución ao plan de convivencia

A convivencia é un obxectivo formativo e fundamental no proceso educativo.

Este obxectivo acádase a través da:

- Xestión do grupo.
- Solución de conflitos, normas...de casos reais que se presentan dentro e fóra da aula.
- Debates que suxiran procesos de reflexión, sobre casos reais e hipotéticos.
- Planificación e revisión de normas de conduta.
- Chegar a acordos coas familias e especificar en que nos comprometemos a axudar para facilitarlle o proceso educativo ao alumnado.
- Criterios educativos comúns, sobre todo en hábitos de traballo, alimentación e hixiene.
- Establecemento de modelos coherentes de comportamento
- Reforzo do papel da escola.
- Coordinación permanente para a realización de actividades dentro e fóra da aula:
- Favorecer nas horas de lecer, tanto dentro como fóra da aula, nos recreos, por exemplo, actividades que propicien a socialización e o trato e respecto entre iguais.

Á hora de tratar comportamentos anómalos e/ou disruptivos contémpanse as seguintes actuacións:

- Amosar unha actitude tolerante, flexible e paciente.
- Actuar como un modelo de conduta reflexiva.
- Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos e as chamadas de atención que non sexan moi molestos.
- Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas adxudicándolle tarefas de responsabilidade (por exemplo, mandalo a un recado a outro lugar fóra da aula) que permitan a súa mobilidade e que faga que esqueza o capricho/rabieta.
- Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización, por parte dos demais cara a el/ela.
- Realizar entrevistas periódicas individuais con el/ela, sobre o seguimento e motivación da conduta, que nos poden servir tamén para detectar o nivel de integración dentro do grupo.
- Facer un seguimento das súas condutas, anotándoas todas tal e como se produciron.
- Favorecer a súa integración cando a conduta é axeitada e conseguir que os demais o ignoren cando se porta mal.
- Chegar a acordos con contratos de conduta adaptados á súa idade.
- Retirar da mesa calquera obxecto que poida servirle de distracción.
- Estar o máis próximo a el/ela posible.

De non dar resultado todo isto, poñerase en marcha a aula de convivencia, á que debe acudir tras facer un informe detallado desta decisión.

## **10.4 Accións de contribución ao proxecto lingüístico**

Esta programación didáctica contribúe ao proxecto lingüístico do centro desenvolvendo no alumnado as seguintes capacidades:

- Adquisición de vocabulario que favoreza unha mellor comunicación lingüística en lingua francesa.
- Mellora da comunicación e expresión oral en lingua estranxeira.
- Mellora da comprensión oral e escrita en calquera das linguas obxecto de estudo nesta etapa educativa.
- Adquisición de destrezas na expresión escrita en calquera das linguas obxecto de estudo.
- Interese pola literatura e a cultura francesa a través dos distintos xéneros literarios.
- Gusto pola lectura.
- Enriquecemento cultural do alumnado.
- Respecto polas dúas linguas da súa comunidade así como pola lingua estranxeira.

A través das seguintes actividades tipo:

- Lecturas textos adaptados ao nivel do alumnado
- Exposicións orais.
- Actividades de comprensión lectora enfocadas a que teñan a necesidade de esforzarse en comprender.
- Diálogos
- Xogos que impliquen o respecto da quenda
- Memorización de cancións, trabalinguas, papeis en obras teatrais, refráns populares,

## **11 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Estas actividades tamén se verán afectadas pola situación que vivimos. Levaranse a cabo solo aquelas nas que a distancia entre o alumnado sexa o mínimo requirido para salvagardar a súa saúde. Estarán supeditadas á evolución da pandemia na nosa zona.

**12 OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE NAS DIFERENTES ÁREAS**

**12.1 6º PRIMARIA**

**12.1.1 Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave**

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS			SEXTO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>				
A,B,E,F	-Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema.	a. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	<b>B1.1</b> Utiliza las imaxes para comprender textos sinxelos, transmitidos a viva voz o por medios técnicos, sobre temas familiares	CAA CCL
A,C,D,F,M, O	-Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros, costumes, valores, crenzas e actitudes, linguaxe non verbal	b. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade, escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre os mesmos a unha comprensión adecuada do texto, respectando as convencións comunicativas máis elementais.	<b>B1.2</b> Identifica aspectos socioculturais básicos dun texto oral: sobre a vida cotiá (actividades, hábitos, horarios, celebracións)	CCEC, CCL
A,D,E,F,M	- Comprensión de saúdos e presentacións, desculpas e agradecementos	c. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, pódase volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e cóntese con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.	<b>B1.3</b> Entende a información esencial en conversacións breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar	CCD CCL
A,B,D,F	-Comprensión de expresións sobre o gusto, e a opinión.	d. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.	<b>B1.4</b> Comprende en mensaxes e anuncios públicos, información moi sinxela ( p.e. números, prezos, horarios) sempre que estea articulada a velocidade lenta e de maneira clara e non haxa interferencias que distorsionen a mensaxe	CMCT CCL

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS			SEXTO	
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B,,E,D,F,I	-Comprensión de descrições de persoas, obxectos, lugares e animais.	e. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto ( p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos ( p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática).	<b>B1.5</b> Distingue patróns rítmicos e de entoación básicos	CCL
A,E,F,J	-Comprensión de mensaxes breves orais (cancións, poemas, contos, dramatizacións, etc.).	f. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses, e utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	<b>B1.6</b> Asocia a grafía, pronuncia e o significado a partir de expresións orais	CCL
A,F,E	-Comprensión de relacións temporais (hoxe, agora, despois )		<b>B1.7</b> Distingue as funcións comunicativas principais do texto (ordes, demandas de información, ofrecementos	CCL
A,B,E,F	-Comprensión de expresións do tempo. Horas. Momentos do día (mañá, mediodía, tarde, noite )		<b>B1.8</b> Recoñece e entende un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relacionado coas súas necesidades e intereses.	CCL
A,B,E,F,I,O	-Identificación e recoñecemento de vocabulario habitual relativo a identificación persoal, xénero, partes do corpo; pezas de vestir, tamaños e cores básicos dos obxectos. familia e amigos; o colexio e a clase; mascotas e outros animais; actividades da vida diaria; elementos do patrimonio artístico da súa contorna; a casa e as súas dependencias; novas tecnoloxías das comunicación e información			
A,E,F,G,I,O	-Identificación e recoñecemento de vocabulario habitual relativo aos números cardinais ata o 60, a data diaria e destacar algunhas de especial interese: festas importantes. Os días da semana,			

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS			SEXTO	
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	meses e estacións.			
A,B,E,F,I,O	-Identificación e recoñecemento de vocabulario habitual relativo a data diaria e destacar algunhas de especial interese; a hora e o tempo atmosférico.			
<b>BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN</b>				
B,E,F	-Expresar a mensaxe con claridade, frases curtas e sinxelas.	<b>a.</b> Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar.	<b>B2.1</b> Aplica as estratexias básicas para producir textos orais moi breves e sinxelos (Uso do contexto visual e dos coñecementos previos. Por exemplo: sinalar obxectos, usar linguaxe corporal, xestos, expresións faciais, posturas, ets. )	CAA CCL
A,E,F,J	-Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).	<b>b.</b> Coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre os mesmos a unha produción oral adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais.	<b>B2.2</b> Participa en conversacións cara a cara o por medios técnicos nos que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse por el estado de alguén, felicitar a alguén).	CD CSC CSIEE
A,C,E,D,F,F,O	-Expresar aspectos socioculturais e sociolingüísticos: normas de cortesía, costumes, valores, crenzas e actitudes, linguaxe non verbal.	<b>c.</b> Construír textos orais moi básicos e participar de maneira moi simple pero comprensible en conversacións moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrasis e a cooperación do interlocutor para manter a comunicación.	<b>B2.3</b> Participa activamente na dramatización de cancións e recitados, previamente traballados.	CD CSC CSIEE
A,E,F,I,O,J	-Expresar mensaxes breves orais (cancións, poemas, contos, dramatizacións, etc.) baseados en modelos e estruturas lingüísticas coñecidas.	<b>d.</b> Interactuar, por iniciativa propia, de maneira moi básica, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais ( p. e. xestos ou contacto físico) para iniciar, manter ou concluír unha breve conversación.	<b>B2.4</b> Identifica o vocabulario, expresións, costumes, cultura, etc. sobre as principais celebracións e os contrasta coas nosas.	CD CSC CSIEE

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS			SEXTO	
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
A,D,F,H	-Descricións de persoas, obxectos, lugares e animais.	<b>e.</b> Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, corrixir ou reformular o que se quere dicir.	<b>B2.5</b> Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiáns ou do seu interese (descricións de persoas, lugares e obxectos) aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara e sexa necesaria a cooperación do interlocutor para manter a comunicación.	CSIEE CCL
A,D,E,F,M	-Expresión de saúdos e presentacións, desculpas e agradecementos	<b>f.</b> Manexar estruturas sintácticas básicas ( p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, “entón”, “pero”, “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na concordancia.	<b>B2.6</b> Expresa oralmente mensaxes sinxelos, en actividades individuais e de grupo.	CAA CCL
A,D,E,F,M	-Utilizar expresións sobre o gusto,e a opinión	<b>g.</b> Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.	<b>B2.7</b> Interactúa oralmente en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais, facilitadas por rutinas de comunicación.	CCL CSIEE
A,E,F,G,H,L	-Recoñecemento e produción de mensaxes con vocabulario tratado na aula, en dramatizacións relativas a identificación persoal;aula, vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria;animais; tamaños e cores dos obxectos; familia e amigos; traballo e ocupacións;os días da semana;a hora; as estacións ; o tempo atmosférico; o tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e cuidados físicos; educación e estudo; números ata o 60; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; tecnoloxías da información e a comunicación.	<b>h.</b> Cumprir a función comunicativa principal do texto ( p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos por iniciativa propia ( p. e. saúdos para inicio e despedida para peche conversacional, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos)	<b>B2.8</b> Participa nunha entrevista sinxela, empregando as estruturas traballadas.	CCL
			<b>B2.9</b> Utiliza estruturas sintácticas básicas en sus presentacións orais breves e sinxelas.	
		<b>i.</b> Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.	<b>B2.10</b> Expresa, mediante léxico básico de alta frecuencia, as súas necesidades	
<b>BLOQUE 3:COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>				
A,B,E,F	-Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema.	<b>a.</b> Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos,	<b>B3.1</b> Utiliza as imaxes para comprender frases sinxelas, en soporte papel ou dixital, sobre temas familiares.	CAA CD

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS			SEXTO	
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar.		CCL
A,E,F	-Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo.	<b>b.</b> Coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre os mesmos a unha produción oral adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais.	<b>B3.2</b> Identifica aspectos socioculturais básicos dun texto escrito: sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, etc.).	CECC CCL
A,E,F	-Formulación de hipótese sobre contido e contexto	<b>c.</b> Construír textos orais moi básicos e participar de maneira moi simple pero comprensible en conversacións moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrasis e a cooperación do interlocutor para manter a comunicación.	<b>B3.3</b> Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conducen gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics, etc.).	CAA CD CCL
A,E,D,F,O	-Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros, costumes, valores, crenzas e actitudes, linguaxe non verbal.	<b>d.</b> Interactuar, por iniciativa propia, de maneira moi básica, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais ( p. e. xestos ou contacto físico) para iniciar, manter ou concluír unha breve conversación.	<b>B3.4</b> Comprende con apoio visual, o esencial de instrucións e indicacións sinxelas, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos	CAA CCL
A,D,E,F,M	-Comprensión de saúdos e presentacións, desculpas e agradecementos.	<b>e.</b> Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, corrixir ou reformular o que se quere dicir.	<b>B3.5</b> Recoñece os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación escrita ( p. e. expresión do tempo presente).	CCL
A,E,F,J	Comprensión de mensaxes breves orais (cancións, poemas, contos, dramatizacións, etc.) baseados en modelos e estruturas lingüísticas coñecidas.	<b>f.</b> Manexar estruturas sintácticas básicas ( p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, “entón”, “pero”, “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na concordancia	<b>B3.6</b> Comprende correspondencia, fixándose en ideas específicas, (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita, etc	CD CCL



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS			SEXTO	
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
A,D,E,F,M	-Comprensión de expresións sobre a capacidade, o gusto, e a opinión			
A,E,D,F,H,L	-Comprensión de descrições de persoas, obxectos, lugares e animais.			
A,E,D,F,H,L	-Identificación e recoñecemento de léxico escrito relativo á identificación persoal, partes do corpo,comidas, bebidas, xoguetes, material escolar, casas, parques e algún moble, modos de transporte, a contorna natural e o tempo atmosférico; algunhas palabras relacionadas coas TIC.			
A,E,G,H	-Identificación e recoñecemento de léxico escrito relativo as relacións temporais (hoxe, agora, despois ); expresións do tempo. Horas. Momentos do día (mañá, mediodía, tarde, noite ); animais máis comúns; tamaños e cores básicos dos obxectos,; números cardinales ata o 60; a hora; a data diaria e destacar algunhas de especial interese: festas importantes; os días da semana, meses e estacións			
<b>BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS, EXPRESIÓN E INTERACCIÓN</b>				
A,B,E,F	-Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa	<b>a.</b> Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.  <b>b.</b> Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.  <b>c.</b> Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro	<b>B4.1</b> Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais en papel ou soporte dixital.	CAA CD CCL
A,E,F	-Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso de dicionario ou gramática).		<b>B4.2</b> Escribe palabras e frases moi sinxelas, seguindo modelos, utilizando o léxico de alta frecuencia, podendo utilizar as tecnoloxías da información e comunicación.	CD CCL
A,E,D,F,M	Expresar a mensaxe (frases curtas e sinxelas) con claridade, seguindo un modelo. -Aspectos socioculturais e			

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS			SEXTO	
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compentencias clave
A,D,E,F,M A,E,F,H,L	sociolingüísticos: normas de cortesía, costumes, valores, linguaxe non verbal..Saúdos e presentacións, desculpas e agradecementos. - Expresión escrita do gusto e a opinión.	neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.		
A,E,F	-Descricións de persoas, obxectos, lugares e animais	d. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.		
A,E,F,G,H,K ,L	-Produción de textos escritos sinxelos e breves.. -Identificación e uso de vocabulario relativo a vivenda, fogar e contorna próximo, tradicións culturais; alimentación e restaurantes; cores, números, membros da familia; comidas e bebidas; animais; xoguetes; expresións do tempo; horas. momentos do día (mañá, mediodía, tarde, noite) partes do corpo; animais; material escolar.;			
A,E,F,H	-Identificación e uso de vocabulario relativo os días da semana, meses e estacións; a data diaria e destacar algunhas de especial interese: festas importantes de Francia e os aniversarios; a hora; o tempo atmosférico.			

12.1.2 Temporización, grao mínimo e criterios de cualificación para cada estándar de aprendizaxe

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS			SEXTO		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DO ESTÁNDAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	TEMPORIZACIÓN		
			1º T	2º T	3º T
Utiliza as imaxes para comprender textos sinxelos, transmitidos a viva voz ou por medios técnicos, sobre temas familiares.	Utiliza as imaxes para comprender textos sinxelos.	Escala de observación Rexistro anecdótico	X	X	X
Identifica aspectos socioculturais básicos dun texto oral: sobre a vida cotiá (actividades, hábitos, horarios, celebracións).	Identifica con axuda aspectos básicos sobre a vida cotiá.	Escala de observación Rexistro anecdótico	X	X	X
Entende a información esencial en conversacións breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar	Entende a información básica sobre temas familiares e traballados na aula	Escala de observación Rexistro anecdótico	X	X	X
Comprende en mensaxes e anuncios públicos, información moi sinxela ( p.e. números, prezos, horarios) sempre que estea articulada a velocidade lenta e de maneira clara e non haxa interferencias que distorsionen a mensaxe.	Comprende anuncios de información moi sinxela	Escala de observación Rexistro anecdótico	X	X	X
Distingue patróns rítmicos e de entoación básicos. Asocia a grafía, pronuncia e o significado a partir de expresións orais.					
Distingue as funcións comunicativas principais do texto (ordes, demandas de información, ofrecementos). Recoñece e entende un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relacionado coas súas necesidades e intereses.	Recoñece a información sinxela dun texto	Probas orais		X	X
Aplica as estratexias básicas para producir textos orais moi breves e sinxelos (Uso do contexto visual e dos coñecementos previos . Por exemplo: sinalar obxectos, usar linguaxe corporal como xestos.	Aplica o vocabulario traballado para falar	Escala de observación Probas orais		X	X
Participa en conversacións cara a cara ou por medios técnicos (teléfono) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén)	Participa en diálogos moi elementais.	Escala de observación Rexistro anecdótico			X

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

Participa activamente na dramatización de cancións e recitados, previamente traballados	Repite pequenas cancións e poemas	Escala de observación Probas orais		X	X
Identifica o vocabulario, expresións, costumes, cultura, etc. sobre as principais celebracións e os contrastar coas nosas.	Recoñece o vocabulario traballado na aula sobre as celebracións e festas típicas.	Escala de observación Probas orais		X	X
Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiáns ou do seu interese (descricións de persoas, lugares e obxectos), aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara e sexa necesaria a cooperación do mestre para manter a comunicación	Fai pequenas descricións aínda que a pronuncia non sexa a correcta e coa axuda do profesor.	Rexistro anecdótico		X	X
Expresa oralmente mensaxes sinxelas, en actividades individuais e de grupo.	Dialoga cos seus compañeiros utilizando o vocabulario traballado.	Rexistro anecdótico		X	X
Interactúa oralmente en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais facilitadas por rutinas de comunicación					
Participa nunha entrevista sinxela, utilizando as estruturas traballadas	Responde preguntas dunha entrevista sinxela (nome, idade,...)	Escala de observación Probas orais			X
Utiliza estruturas sintácticas básicas nas súas presentacións orais breves e sinxelas.	Utiliza oracións con estruturas moi básicas	Escala de observación Probas orais		X	X
Expresa, mediante léxico básico de alta frecuencia, as súas necesidades					
Utiliza as imaxes para comprender frases sinxelas, en soporte papel ou dixital, sobre temas familiares.	Utiliza as imaxes para comprender frases sinxelas, en soporte papel ou dixital, sobre temas familiares.	Escala de observación Rexistro anecdótico		X	X
Identifica aspectos socioculturais básicos dun texto escrito: sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, etc.).	Recoñece aspectos da vida cotiá coa axuda de imaxes	Escala de observación Rexistro anecdótico		X	X
Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os personaxes principais, a condición de que a imaxe e a	Comprende o esencial de historias breves e identifica os personaxes coa axuda de imaxes.	Probas orais			X

acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics, etc.)					
Comprende con apoio visual, o esencial de instrucións e indicacións sinxelas, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.	Recoñece informacións sinxelas de letreiros e carteis relacionados co vocabulario estudado.	Probas orais			X
Recoñece os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación escrita Comprende correspondencia, fixándose en ideas específicas, (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita, etc					
Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais en papel ou soporte dixital.	Completa unha ficha sinxela dos seus datos persoais	Probas escritas			X
1 Escribe palabras e frases moi sinxelas, seguindo modelos, utilizando o léxico de alta frecuencia, podendo utilizar as tecnoloxías da información e comunicación.	Escribe frases cunha estrutura sinxela en distintos soportes	Probas escritas			X

### 12.1.3 Actividades tipo

- Lecturas
- Actividades de expresión oral .
- Actividades de comprensión oral e escrita.
- Sopa de letras
- Encrucillados
- Dominós
- Completar textos
- Cancións
- Procura de información
- Xogos
- Actividades sobre os contidos traballados.

## 12.1.4 Plan de reforzo e recuperación

Algúns dos aspectos en que se pode incidir para mellorar a atención á diversidade serán os seguintes:

1. Identificar os coñecementos mínimos que se pretende que todos os alumnos aprendan.
2. Secuenciar as aprendizaxes por orde de dificultade e de proximidade entre os novos contidos e os que xa se coñecen, atendendo moi especialmente aos procedementos.
3. Empezar por actividades moi concretas e simples, nas que os alumnos poidan ter éxito, para aumentar progresivamente o grao de dificultade.

Para levar a cabo un bo plan de reforzo e recuperación teremos en conta os seguintes pasos:

Proceso de explicación e presentación das tarefas.

- Crear un estado de ánimo positivo para iniciar calquera tarefa de aprendizaxe. Explicación personalizada dos contidos seleccionados .
- Utilizar a exemplificación para o ensino de contidos que lles resulten difíciles de entender aos educandos. Tamén utilizaremos claves visuais como fotos, debuxos, esquemas, etc.
- Realización conxunta docente- discente dunha serie de actividades a nivel oral, poñendo especial interés en que comprenda QUE hai que facer, de acordo co enunciado da actividade, e COMO hai que facelo. Trátase de ensinárlle a seguir algúns pasos como comprender o enunciado (lelo varias veces, fixarse nas palabras clave, manter o enunciado na memoria), razoar a resposta máis adecuada, volver ao enunciado se hai dúbidas, e por último emitir unha resposta axeitada.
- Atribución polo docente de expectativas de éxito de forma previa ao comezo da realización individual das tarefas polo alumno.

Proceso de realización/supervisión das tarefas.

- Reforzar ao alumno na realización das tarefas propostas , así como reforzar sistematicamente os éxitos nas aprendizaxes, o esforzo, a persistencia e facerlle consciente dos erros proporcionándolle estratexias para corríxilos.
- Supervisar de maneira continuada o desenvolvemento das actividades mediante aproximacións frecuentes á mesa de traballo do alumno, para interesarse por como está a realizar a tarefa, se necesita axuda, así como para animalo, sinalar erros, prestarlle axuda ,...
- Atribuír tanto aos resultados positivos como negativos do seu traballo explicacións que lle permitan controlar a situación ("non te fixaches suficientemente nese detalle e...", "esforzácheste pero non che deches conta de...."; "traballaches concentrado e fixéchelo moi ben") convertendo os erros en metas de aprendizaxe e mostrando ante eles unha actitude comprensiva e positiva.
- Habituar ao neno a que supervise as súas tarefas antes de dalas por concluídas e ante de que sexan corregidas polo profesor.
- Se tras a corrección das actividades por parte do docente o resultado é positivo caben dous tipos de decisións:
- Avanzar con novos contidos, pasar á seguinte Unidade Didáctica.
- Propoñer novas tarefas de ampliación por entender que eses contidos son moi importantes.
- Se o resultado fose negativo haberían tamén diferentes opcións:-Volver a explicar conceptos que puidesen non estar claros.
- Realizar máis actividades similares.
- Traballo específico dese contido con outro docente especialista, no seu caso.

### 12.1.6 Metodoloxía

Tal e como indica o Consello de Europa, o obxectivo último da aprendizaxe dunha lingua estranxeira é que o alumnado alcance de forma progresiva o maior grao de competencia comunicativa, é dicir, que poida utilizala para comprender, falar e conversar, ler e escribir. Habemos de ter en conta que é a primeira experiencia dos alumnos/ as coa lingua francesa, por tanto a metodoloxía desta área céntrase no alumnado, nas súas necesidades de aprendizaxe a nivel básico. Favorecerase o contexto das aprendizaxes, aproveitando a contorna e a participación do alumnado na construción das aprendizaxes e a interacción entre iguais con metodoloxías globalizadas, aprendizaxe significativa, aprendizaxe cooperativa, espazos para a aprendizaxe, materiais para a aprendizaxe...

A aprendizaxe das linguas está centrada na acción. A realización da tarefa non só implica a realización de actividades de lingua senón que debe relacionar o saber facer e o saber ser para alcanzar o desenvolvemento das competencias clave. Ten por obxectivo un resultado concreto, que require a posta en marcha dun conxunto de competencias e favorece o seu compromiso persoal na aprendizaxe.

Os alumnos aprenderán a lingua francesa a través dunha exposición directa do uso auténtico do idioma, proporcionándolle conversacións, gravacións, vídeos, lendo textos escritos auténticos (xornais, revistas, rótulos publicitarios...), utilizando programas de ordenador, CD- Rom, conectándose a Internet de maneira dirixida e controlada polo profesor...

Os alumnos teñen necesidade de unir os seus coñecementos de vocabulario, de gramática, de fonética e de expresión oral, para poder expresarse, comprender e facerse comprender en francés. Á hora da transmisión dunha mensaxe, unha serie de competencias paralingüísticas acompañano. Trátase dos xestos, da musicalidade (entoación), e da expresión corporal para transmitir emocións e sentimentos. Traballar este aspecto da comunicación na aprendizaxe do francés permite ao alumno/para conseguir un nivel de comunicación real.

O ensino da lingua francesa pon a énfase no recoñecemento da pluralidade de linguas e culturas, aprendendo desde o respecto e favorecendo o desexo de aprender e que o alumno se comprometa coa súa propia aprendizaxe. A aprendizaxe dunha lingua estranxeira ha de contribuír ao desenvolvemento de actitudes positivas e receptivas cara a outras linguas e culturas e, ao mesmo tempo, axudar a comprender e valorar a lingua ou linguas propias.

A atención á diversidade do alumnado levarase a cabo mediante a combinación de actividades que comezan por exercicios de presentación, explicación e de explotación en francés, de maneira moi elemental e relacionados coa lingua materna do alumno .É necesario ofrecer ao alumno un alto protagonismo para explorar as posibilidades de aprender, de comunicarse, de compartir información e de realizar as súas propias achegas e creacións na lingua francesa.

O proceso ensino-aprendizaxe da lingua francesa centrará o esforzo en desenrolar a creatividade dos educandos, xerando oportunidades para que as intelixencias múltiples poidan ser desenvoltas. As emocións non poden estar separadas da cognición e das habilidades sociais, estas permitirannos coñecer que senten outras persoas de diferente fala e costumes á nosa lingua materna.

O profesorado deseñará actividades que reforcen a comunicación: diálogos, presentacións, escoita activa en diferentes contextos, lectura e escritura. É de suma importancia no traballo de aula fomentar o traballo en equipo e que o alumno sexa o protagonista da aprendizaxe xunto cos seus compañeiros cos que comparte e colabora.



Para as linguas estranxeiras as TIC son un recurso infinito e ocupan un lugar de preferencia no proceso de aprendizaxe dunha lingua porque permiten o acceso directo e instantáneo a outros países, a outras culturas. Favorecen tamén o traballo das catro competencias orais e escritas, a aprendizaxe a distancia e o acceso a documentos auténticos en tempo real. Ademais, suscitan o interese, a curiosidade e a motivación do alumno/a, o que finalmente se traduce nunha aprendizaxe de mellor calidade..

### 13 PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A Educación en Valores forma parte de todos os procesos de ensino e aprendizaxe, por ser un dos elementos de maior relevancia na educación do alumnado. A aprendizaxe destes contidos pretende acadar as seguintes finalidades:

- Fomentar o uso das fórmulas de cortesía.
- Favorecer a convivencia no centro.
- Coñecer e interiorizar normas de convivencia no centro e na sociedade.
- Identificar e valorar os aspectos inxustos da realidade cotiá e das normas vixentes.
- Buscar formas de vida máis xustas no plano persoal e social.
- Elaborar os principios xerais de valor que axuden a enxuzar a realidade de forma crítica e con xustiza.
- Facultar ao alumnado para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles mesmos e coas dadas pola sociedade democraticamente, buscando a xustiza e o benestar social.

### 14 PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE

O desenvolvemento da programación e a práctica docente avaliaranse periodicamente, despois de cada sesión de avaliación, e a final de curso.

Estas avaliacións teñen como finalidade adaptarse ás necesidades e características do alumnado.

Os resultados destas avaliacións recollerase na memoria final de curso.

Os instrumentos para levar a cabo estas avaliacións serán as seguintes *escalas de observación*:

#### Avaliación da práctica docente

	INDICADORES	VALORACIÓN			OBSERVACIÓNS (propostas de mellora)
		SI	NON	ÁS VE- CES	
<b>Motivación inicial do alumnado</b>	Presento e propoño 1 plan de traballo explicando o desenvolvemento das tarefas a realizar				

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

<b>Motivación ao longo do proceso</b>	Manteño o interese do alumnado, partindo das súas experiencias e coñecementos.				
	Comunico a finalidade das aprendizaxes a realizar, a súa importancia e a súa aplicación á realidade.				
	Informo dos progresos acadados e das dificultades atopadas.				
<b>Presentación dos conceptos</b>	Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado				
	Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema ( mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, que é importante, ...)				
<b>Actividades na aula</b>	Formulo tarefas que aseguran a adquisición dos obxectivos previstos e as habilidades instrumentais básicas.				
	Propoño tarefas variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de sínteses, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).				
	Existe un equilibrio entre as tarefas individuais e tarefas en grupo.				
<b>Recursos</b>	Utilizo recursos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a execución das tarefas por parte do alumnado.				
<b>Organización da aula</b>	Distribúo o tempo axeitadamente ( breve explicación, tempo para a realización das tarefas e breve síntese do traballo realizado).				
	Emprego diversos tipos de agrupamentos atendendo á tipoloxía de actividades a realizar.				
	Favorezo a autonomía na realización do traballo.				
<b>Instrucción e orientacións ao traballo do alumnado</b>	Comprobo, de diferentes modos, que o alumnado entendeu a tarefa (pregúntolle que ten que facer, observo o que fai...)				
	Facilito estratexias de aprendizaxe: como pedir axuda, como buscar información, pasos para resolver problemas, animo e favorezo a participación de todos				
	Controlo frecuentemente o traballo (dou pistas e feedback positivo)				
<b>Clima de traballo</b>	As relacións que establezo co alumnado na aula e as que o alumnado establece entre si son correctas, fluídas e non discriminatorias.				
	Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa achega de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.				
	Fomento o respecto e a colaboración entre o alumnado.				
	Proporciono situacións que facilitan ao alumnado o desenvolvemento da afectividade como parte da súa Educación Integral.				
<b>Seguimento (control do proceso de E-A)</b>	Reviso e corrixo o desenvolvemento da programación para adecuala ás necesidades do alumnado (tempos, recursos, tipos de tarefas, agrupamentos...)				
	Proporciónolle ao alumnado información a execución das tarefas e como pode melloralas.				
	Favorezo os procesos de autoavaliación.				
	No caso de obxectivos non acadados propoño novas tarefas que faciliten a súa adquisición.				
	No caso de obxectivos acadados en pouco tempo, propoño novas tarefas que faciliten un maior grao de adquisición.				
<b>Atención á diversidade</b>	Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, os diferentes ritmos de aprendizaxe, as posibilidades de atención, etc, e en función diso, adapto o proceso de ensino-aprendizaxe.				
	Coordínome co resto do equipo docente para para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos...aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe do alumnado.				

**Avaliación da programación**

INDICADORES	VALORACIÓN			OBSERVACIÓN
	SI	NON	ÁS VECES	
Organizáronse e secuenciáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación ás distintas unidades didácticas				
Determináronse os estándares de aprendizaxe imprescindibles				
Deseñouse a avaliación inicial e levouse a cabo				
Modificouse algún dos elementos da programación				
Acadáronse os obxectivos propostos				
Aplícase a metodoloxía didáctica acordada no equipo didáctico a nivel de organización, recursos didáctico				
A metodoloxía empregada axustouse á características do alumnado				
Adoitáronse medidas de intervención educativa co alumnado que o precisaba				
Leváronse a cabo as medidas específicas de intervención educativa propostas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo				
Leváronse a cabo programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación ao alumnado				
Houbo coordinación entre o equipo docente				
Preséntanse estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión expresión oral e escrita				
Desenvolvéronse os temas transversais nas diferentes unidades didácticas				
Leváronse a cabo actividades extraescolares e complementarias				
Empregáronse procedementos e instrumentos de avaliación variados.				
Informouse ás familias e ao alumnado dos estándares de aprendizaxe, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e mínimos imprescindibles				

